

*Testamento*  
*do*  
*Burro do Cheto*

*Laza, 7 de Fevereiro de 2.000*

Laza, 7 de febreiro do 2000

Morreu o burro do Enrique  
morreu o burro do Cheto,  
non lle dixo a naide nada  
quixo gardalo en secreto.

Moitas voltas deu o probe  
pra sacalo do curral,  
e andaba ás agachadiñas  
por se o vía algún animal.

Primeiro tentou ó Quique  
que o chamou a cen por mil,  
e pediulle que llo sacara  
na ambulancia da Protección Civil.

Si, carallo, dixo o Quique  
agora si que estás bó mozo,  
despois entérase o Moncho  
e méteme no calabozo.

Xa nos tén ben avisados  
a ver que carallo é,  
na ambulancia non vai ningún burro  
que non sexa do PP.

Despois falou co Julián  
que está de gardia en Ourense,  
e éste díxolle, !eu non vou!  
Senón chamas ó forense.

Tamén avisou ó Juan Luis  
que andaba en Castro Caldelas,  
e éste díxolle, !foderse!  
Pra non pagalas non facelas.

Compras os burros xa vellos  
pra aforrar catro cadelas,  
e despois nin burro nin cartos  
e quedas a dúas velas.

E si lle sacaras proveito  
ó carallo deste invento,  
pero despois por túa culpa  
saímos no testamento.

Como non lle foi o Quique  
nin o Juan Luis nin o Julián,  
tivo que chamar ó Lolo,  
ó Zoilo e mais ó Bastián.

O Lolo de enterrador  
o Zoilo de capellán,  
e o Bastián ¿de que ía ir?  
O Bastián de sacristán.

Xa tiñan o burro cargado  
díxolle entón o Cheto:  
¡enterraino onde queirades  
pero por Dios que sexa secreto!

Non te preocupes papá  
contestoulle o Lolo enseguida,  
en Laza non haberá  
quen se entere da movida.

Parece mentira que o Enrique  
non conoza ben ó Lolo,  
deixaime que vos explique  
que o paseou por todo o pobo.

Logo de corcear as calles  
veuno expoñer á Picota,  
pra que o vira ben meu pai  
e me pasara boa nota.

Contoume quen viu o chollo  
que ó tempo de i-lo enterrar,  
o Bastián enganouse ó Zoilo  
e queríao liquidar.

Díxolle a Tilde ó Lolo:  
sempre fuche un animal,  
ben poideches ir ti solo  
¡non ves que andan de mall!

Namentras estaban no enterro  
ó Lolo tocáronlle o nabo,  
marcháronlle co Ford Escort  
e apareceulle en Xeixalvo.

Ó cabo de vinte días  
veu o Juan Luis por Laza,  
e entrou chorando na casa  
¡Ai Dios mío, qué desgracia!

Tés bó cú, díxolle o Enrique  
non veñas de choromingallo,  
chameite cando morreu  
e mandácheme pró carallo.

Polo tanto fillo meu  
do burro non probas bocado,  
cada ún que leve o seu  
tí confórmate co arado.

♥♥♥

Pro antes de seguir o reparto  
voume parar un anaco,  
pra contar algunhas cousas  
que pasaron iste ano.

A nosa Corporación  
ten á xente cabreada,  
xa lles chaman os Anelka  
porque ¡raio, non fan nada!

E si é que algo xurden  
empezan pra non acabar,  
pero esto xa é vello en Laza  
xa ven de anos atrás.

Como foi co matadeiro  
da ponte de Souteliño,  
empezar logo empezou  
pro acabar o caralliño.

As cousas non van pra diante  
eu non falo por falar, .  
aí está o puticlub  
que abriu pra logo pechar.

A verdade compañeiros  
non vexo porqué delito,  
e agora os homes imos fora  
ou nos damos por culito.

E menos mal que pechou  
pois entón xa me diredes,  
nin aforrabamos cartos  
nin cumpríamos cas mulleres.

E agora veñen os peregrinos  
con eso do Xacobeo,  
a durmir no pavillón  
¡váíase que cachondeo!

Que leve aberto seis anos  
si que manda caralliño,  
e que non haxa unha percha  
pra colgar o calzoncillo.

Si e que vas alí de noite  
tés que andar apalpadelas,  
como non hai luz afora  
escarallas as canelas.

E o tanatorio ¡ qué curioso!  
que é onde remata a vida,  
eso que non tiña presa  
acabouse deseguida.

♥♥♥

A xente non fai nin caso  
como eiquí hai tantos mandos,  
perdeuse moito interés  
e xa non len nin os bandos.

Os novos marchan pra fora  
a traballar e as escuelas,  
e eiquí non se mira outra cousa  
que non sexan as esquelas.

Por eso o señor Alcalde  
anda moi encabreado,  
e vai poñer un pregoeiro  
pra ter ó pobo informado.

Entón xa estou vendo algún  
praí nunha plaza calqueira,  
a golpe de gorra e corneta  
falando desta maneira:

“¡Por orden da autoridade  
que é a que manda niste pobo  
veña escoitar todo Cristo  
menos os xordos e os boobos¡

¡Faise saber ás mulleres  
que toda aquela que queira  
pode recoller un volante  
no médico de cabeceeeira¡.

¡Pra que vaia ó xinecólogo  
a buscar unha receta  
pro antes do dousmil dous  
vanlle cambiar a peseeta¡.

¡Que miren tamén a barriga  
porque no cambio das lunas  
cando van facer gimnasia  
escápanse moito as pluumas¡.

E despois non hai quen pare  
adentro do pavillón  
que xa houbo algún peregrino  
que colleu unha intoxicacióoon¡.

¡Mandoume dicir o alcalde  
que van subir os impostos  
tamén o José Cesteiro  
subíu mil pesetas nos ceestos¡.

¡Con eso do efecto dous mil  
púxose o aparato tolo  
e si a algún lle cobran demais  
a culpa é do chirimbolo¡.

¡Que tén unha lista negra  
apuntada nun papel  
que se vaian preparando  
os que non votaron pra él¡.

¡E que vai traer ó pueblo  
un policía moi listo  
pra averiguar quen foi o becerro  
das pintadas do Santo Cristo¡.

¡E xa pra rematar  
faivos chegar esta nota  
que o pasedes ben no Entroido  
pero sin facer o idiota¡.

¡Respetai as vosas mulleres  
e si acaso ides á palleira  
buscai unha boa hembra  
non vaiades con calqueira¡.

Pro ésto non ha quedar así  
cando se enteren do invento,  
veredes á oposición  
como replica ó momento.

E han buscar outro pregoeiro  
que eiquí non han faltar,  
da Democracia ou do PSOE  
ou senón do BENEGÁ.

“¡Por orden da oposición  
non lle fagades nin caso  
quen fala alí é un lambón  
e o que o mandou un payaso¡.

¡Como veña o policía  
hanos toca-lo carallo  
e habémolo de pendourar  
no cotoriño do Maio¡.

¡Fáiselle saber ós homes  
que non se lle dá volante  
regalámoslle a Viagra  
prós que non se lle levante¡.

¡Fai saber a oposición  
que se cede un extractor  
pra poñer no pavillón  
e sacar o mal olor¡.

¡E así ó facer gimnasia  
aquela muller que queira  
pódese esporrear a gusto  
sin preocuparse si cheira¡.

¡E se acaso neste Entroido  
ides algún á palleira  
como estamos na Democracia  
que cada ún faga o que queira¡.

♥♥♥

Xa non andamos moi xuntos  
e agora pra rematala,  
leramos poucos e paríu a abuela¡  
o reparto da parcelaria.

Aínda ha de haber pescozós  
e senón o que eu vos diga,  
¡que si a ún o mandaron pra Vales  
que si a outro cara a Ortiga¡.

Ó Milo por protestar  
e dicir que ésto e aquilo  
o prado que ten no Rial  
puxéronllo en Cerdedelo.

Ó Loliño da tía Xefa  
e ó Suso do Ricarí,  
tocoulle o patio da casa  
que ten en Barrio o Jijí.

Ó Manolo do Costiña  
que eu lle chamo o Jaravillón  
creo que lle tocaron  
as gradas do pavillón.

Pero o que máis se cabreou  
foi o Manolo Carteiro,  
foi na lista do PP  
pra sacarlle algún proveito.

E esto manda caralliño,  
manda fixate tú,  
en vez de arrimarlle o ombro  
mais lle deron polo cú.

O pior aínda non foi eso  
que o caso está pra contar,  
o chiflo que ten pró correo  
tamén llo querían confiscar.

Pro seica dixo o carteiro:  
¡polo honor da miña familia  
no meu chiflo non toca ninguén  
que non sea a M<sup>a</sup> Emilia¡.

♥♥♥

E os maestros andan dañados  
bueno, todos non, algunhos  
porque agora van dar clases  
tamén os pais dos alumnos.

A Alicia do Portagero  
por exemplo eí a tes,  
sin ter carreira en idiomas  
da clase de Portugués.

Pois logo o Paco Folepo  
que estivo en Alemania moitos anos,  
entón daralle alemán  
ós meniños de seis anos.

¡Carallo, pois que mellor;  
logo o Mario do Romano  
que é da terra do espagueti  
éste ensinará Italiano.

Xa parece que o estou vendo  
“¡atencione mío bambini  
andiamo, cogi papele  
pra escribire un dictadini!

¡Io nacido en la Italia  
me casé y presto vini  
¡ agora vivo con el Kilo  
¡ el mío cuñado Paquini!

¡Non paro de trabaliare  
pra ganare algunos monis  
tutto el día traballando  
ya estoy hastra los cojonis!”.

Si a Alicia dá Portugués,  
o Mario da Italiano,  
o Paco dá Alemán  
¿quén carallo dá cristiano?.

Un hippy de Carraxó  
que seica é un tío moi fino,  
pois hai que apuntarse logo  
á escola do Saturnino.

Cando eramos pequenos  
tamén fixemos igual,  
moito me enseñaron na escola  
pero tamén aprendín co Vidal.

♥♥♥

Ó cura de Cerdedelo  
vaille cair o pelo,  
porque aínda do Moxo  
atropellou ó Paco Coxo.

Dixo o Paco: “qué desgracia,  
érame o que me faltaba,  
que me deixou mutilada  
a perna que me quedaba”.

Contestoulle Don Odilo:  
“mira, digas o que digas  
non sei se te das de conta  
que tiñas as dúas jodidas”.

¡Mecago no cura de Dios,  
si terá pouca vergonza,  
claro, coma él non a usa  
e logo, ¿a do medio non conta?.

E aínda por se fora pouco  
malo raio que o espete,  
deixoume eivado de todo  
e escachoume a mobylette.

Cando o Paco se levantou  
e viron que non tiña nada,  
entón o cura berrou:  
¡milajro da Pena Tallada!

♥♥♥

Os rapaces da Comisión  
andan picados do bicho,  
pensan que os cartos dos pinos  
llos negaron a capricho.

Eu non sei quén tén a culpa  
e penso de todos modos,  
que si os cartos son do pueblo  
a culpa témola todos.

Xa atinei eu unha vez  
e non son ningún ministro,  
pra cobrar todo Dios listo  
pero pra dar nin Cristo.

♥♥♥

Da asociación de mulleres  
tamén vos hei de dicir,  
que foron á televisión  
ó programa "saber vivir".

Claro, e a cál fan ir  
si elas viven como Dios,  
e mentras tanto os pobres homes  
a traballar como cabrós.

E teremos que aguantar  
xa o di o Lolo do Lero,  
e logo que vas facer  
non nos queda outro remedio.

Si a túa muller che pide  
que te botes do tellado,  
reza a Dios que sea baixo  
pra non quedar deslomado,  
porque mais tarde ou mais cedo  
ó final has ser chimpado.

Teñen o control dos homes  
dende o Couto hasta o Cerdeiro  
bueno a todos menos a ún  
falo do José Cesteiro.

Cos corenta e dous anos que ten  
hai que velo pra creelo,  
e que haxa por aí alguén  
que se atreve a chamarlle abuelo.

Ou moito enganhou á xente  
ou moi ben gardou o secreto,  
xa fai moito que o coñezo  
e nunca lle soupén dun neto.

Que foi un can é verdá  
que foi un Don Juan non o nego,  
pro non houbo fulana en Laza  
que o fixera entrar ó rego.

As mulleres son o Demo  
fixaivos o que elas lían,  
puxéronse a facer cestos  
a ver se así o jodian.

Pero non poden con il  
díxome a mín o José:  
¡pra eso son eu o cesteiro  
ou que carallo éj.

Como decía as mulleres  
estiveron na televisión,  
e o rematar andiveron  
por Madrid de procesión.

Seica foron ó Zoolóxico  
contáronmo en Cimadevila,  
e ó levar minifalda é lóxico  
puxeron cachondo a un gorila.

¡Xesús o que alí se armou  
as bestas botáronse fora,  
e toda a xente que había  
escapaba coma tola.

Saltou a Manola do Lolo  
¡eu non sei porqué berrades,  
mais animais hai en Laza  
e alí nunca escapades¡.

A Rosita do Ceboleiro  
viu correndo a un elefante  
e berrou: ¡escapa José  
que te leva por diante¡.

As mulleres e os nenos primeiro  
decían a Mime e a Luisa,  
que eso enséñao Don Luis  
cando predica na misa.

Sí, tamén dice o Evangelio  
“los últimos serán los primeros”,  
¡correí, saltou a do Blanco  
que eso é pró Reino de los Cielos¡

Tamén me dixeron que ó Moncho  
non sei se será un invento,  
lle chaman o Conde Lecquio  
pois tamén vive do cuento.

¡Arnejado sea o demo!  
que o vin na revista Hola  
Dios nos libre doutro tanto  
si ten igual a pirola.

Pois velemos ás parentas  
non fai falta que vos mande,  
que as mulleres xa se sabe  
burro grande, ande ou non ande.

♥♥♥

O Pepiño do Ferreiro  
se non é pola barriga,  
case se afoga no vrau  
alí na Fonte da ortiga.

Foi buscar unha ola de auga,  
marchou de cabeza ó estanque,  
estivo flotando seis horas  
aínda tuvo ben aguante.

Menos mal que era en agosto  
e que apretaba o calor,  
e que viñeron os das Eiras  
a sacalo cun tractor.

Mais a xente que alí estaba  
xa decían ¡vaia lío!,  
e agora onde beben as vacas  
se deixou o estanque vacío?.

♥♥♥

Non nos chega o que nos pasa  
se non o vexo non o creo,  
e agora aínda por arriba  
acantázannos do Ceo.

Que llo pregunten ó Calchano  
que me dixo a mín ¡ai chacho,  
vino vir de cara a mín  
e carallo se non me agacho¡.

Foi na finca do Cachoupo  
onde ocorreu a movida,  
o Calchano chamou á Laureana  
¡anda a correr deseguida!.

Ó ver aquilo berrou:  
¡Sixto métete na casa  
e colle pronto o teléfono  
que hai que avisar á NASA!.

E os cachos que quedaron  
téñennos alí gardados,  
e bótanllos ós cubalibres  
cando veñen invitados.

♥♥♥

Cada ano hai unha voda  
que nos chama a atención,  
como nistes que pasaron  
as Infantas de Borbón.

A Helena fai tres anos  
e a Cristina xa fai dous  
e o Oscar do Carraxete  
tamén iste ano casou.

A Cristina co Urdangarín  
a Helena co Marichalar,  
e o Oscar do Carraxete  
ca do Bolaño de Vilameá.

Canto chorou o Losada  
coñecido polo Camariñas  
¡istes carallos de Laza  
marcháronme cas rapaciñas!.

Quen me mandaría vir eiquí  
co ben que estaba en Montey  
tiña ás rapazas na casa  
e agora solo quedei.

Foi o Manolito do Peitos  
o que empezou a paella,  
seguiu o do Carraxete  
e aínda falta o do Coella.

Sin ser nin bruxo nin meigo  
predeciu o Carraxete:  
"esta voda xa veredes  
ha de valer por sete".

E carallo se valeu  
encheuse de celebridades,  
alí había de todo  
non sendo monxas e frades.

¡Mirai, o Presidente da Diputación,  
naquel coche que alí rousa,  
e do coche baixou o Fofito  
que pró caso é a mesma cousa.

E veulle dicindo ó Oscar:  
"non che vou regalar nada  
si hoxe a noite non me cedes  
o dereito de pernada".

Pro ca merda que colleu  
o Fofi, probe infeliz,  
ó único que tiña dereito  
era á punta do naris.

▼▼▼

Pois vou reparti-lo burro  
que xa empeza a oscurecer  
e o primeiro é a pirola  
que lla dou á miña muller.

Aí che vai Cristiniña  
pra que a gardes no caixón,  
coa miña e a diste burro  
xa tes boa colección.

Cando saco o Piliqueiro  
e me vexo reventar,  
non ten compasión de mín  
e cántame iste cantar:  
"O Manel é quen me quere,  
o Manel é quen me fode,  
o Manel bótame catro  
porque sete xa non pode".

Pros que pensan que co testamento  
iste gaña moitos cartos,  
doulle medio cagallón  
a ver se así quedan fartos.

Poden dormir ben tranquilos  
que sepan istes mercenarios,  
que me sobran na casa medallas  
e aínda teño escapularios.

E moi bonito ladrar  
por aí tomando un cubata,  
pero ó subir eiquí arriba  
póñense de corbata.

Nin son todos os que están  
nin todos os que estamos somos,  
pro esto non se vai acabar  
por culpa de catro monos.

Os boches son pró Carroucas  
pró Moreno e o Guerrero,  
que os probes xa van velliños  
e non poden co Piliqueiro.

Eu non é pra avergonzalos  
que son de moi boa fé,  
pro queren encadealo  
pra sentarse no café.

Iles dícenme que non,  
pero enganar non me engañan,  
porque a mín quen mo contou  
foi o Paco do Morañas.

Si cos chocos xa non poden  
pra baixar pola canella,  
que se vaian preparando  
pra metelos á cortella.

Pró Calchano e pró Bernardino  
pró Paco da Alberguería  
e pró da Caixa tamén,  
un pouco de estimación  
halle faguer moito ben.

Que se queden caladiños  
e non retorzan o dente,  
que esto é o millor que hai  
prós amigos e parentes.

Oín o outro día contar  
onda a canella da Cheta,  
que agora xa non atinan  
pra disparar a escopeta.

Entón pra ver si así poden  
millorar a puntería,  
penso que un ollo do burro  
é o que mais lle cumpría.

Pro ainda estou cabilando  
en que ollo lle darei,  
que algún hano levar  
pero cál aínda non sei.

Si un ollo é prós cazadores  
o outro ollo é pro Moreno,  
heille vai pra Souteliño  
que él non ía ser menos.

Se ós cazadores lle fai falta  
por causa da puntería,  
ó Moreno e porque o probe  
ten a vista moi fodida.

Que o día de Fin de Ano  
manda carallo na Habana,  
durmíu toda a noite cun can  
pensando que era unha fulana.

E ó quererlle preguntar  
él contestoume daquela:  
“¡ai chacho, nunca pasei  
unha noite tan cadelaj!”.

Como son moi bó amigo  
da Nievécitas do Amado,  
non a vou deixar sen nada  
senón sería un pecado.

Sempre se me anda queixando  
que lle doi unha canela,  
eso eche culpa da edad  
tamén lle pasou a miña abuela.

E ela por saír do paso  
díceme, non seas boi,  
que a outra ten a mesma edad  
e mais nunca che me doi.

E ó xuntarse coa Joriña  
pra que vos vou a contar  
non hai Dios que as convenza  
por conta de se casar.

Xa llo ten dito o Juan Luis  
que anda sempre detrás delas,  
mirai que si non casades  
non podeades ser abuelas.  
¡Carallo, dice o Calchano,  
eso é o que queren elas!  
Pois entón, amigas miñas,  
aí vos van as canelas.

Pra que faga uns calzoncillos  
doulle ó Carraxete a pel,  
que foi á voda do Oscar  
cunhas braguñas da Bel.

A min contoumo o Calilo  
e a Manola do Olliños,  
que o guicharon ó vestirse  
porque os dous sonlle veciños.

Prá Sinda e mais pró Vicente  
voulle dar a papada,  
aínda que por desconfiados  
non habían levar nada.

Non se fían dos de Laza  
pra pegar dunhos marraus,  
e teñen que chamar ós das Eiras  
pra que lle escapen das maus.

Ofrecéuselle o Guerrero,  
o Chailo e mais o Cachelo,  
e díxolle a Sinda: "gracias  
xa teño a quén pra facelo".

Pois vaia especialistas  
que teñen entón nas Eiras,  
que veñen pegar nos porcos  
e escápanlle polas leiras.

Ó Delfín doulle as alforxas  
que moito as ha de usar,  
pra que garde ben os cartos  
cando recaude no bar.

E así de esa maneira  
cando vaia a Portugal,  
poderá pasa-las divisas  
escondidas no morral.

E pra que non perda nada  
e lle quede as rapañiñas,  
pra completar a xogada  
tamén leva as angarillas.

Aínda que a muller é dalí  
vai a ter que andar con vista,  
pro non vaia se-lo Demo  
que o prendan por contrabandista.

As pernas diste burreco  
van pra Matamá pró Nando,  
cando vaia vender a Carraxo  
senón tén coche que vaia andando.

Xa dende neno era fino  
e a zorra non perde as mañas,  
leva alfileres e agullas  
e cámbiaas por castañas.

Pro dice o Benito e a Rosa,  
que son os sogros da Bel,  
“¡carallo pro mozalbetes  
hasta trae condós a granel!”.

E os que estaban caducados  
vendíallos ó Poubano,  
claro que igual non os usa  
porque ten 91 ano.

Por vender condós furados  
din que o Elías o denunciou,  
pregunteille e dixo: “é certo,  
que a Felisa case empreñou”.

¡Válgame Dios se así fora  
o Nando ía andar mal,  
cas hostias que lle ía dar o Paco  
por repartirille o capital!

O Percherón quere algo  
ha de levar o fuciño,  
desde que foi pra Alemania  
xa o ten acabadiño.

Deste xeito compañeiros  
non nos debe de extrañar,  
que ó paralo a policía  
por conta de i-lo multar,  
dixo o Toño: “guten Morguen,  
guten nai e guten tac”  
e pensou que desta forma  
poderíaos enganar.

Hala, báixeme do coche,  
contestoulle entón o axente,  
“que guten tac nin a cona  
se a matrícula é de Ourense”.

Un dos mellores anacos  
lévanos os concellales,  
que como en tódolos sitios  
comen igual ca animais.

Pois entón xa queda dito  
pro si algún se me disgusta,  
doulle logo polo cú  
que é por onde máis lle gusta.

Hai quen veu dende Suiza  
pra que lle dera o bandullo,  
xa atinaredes veciños  
que vos falo do Jabullo.

Hai cousas que non son pra creer  
i eu tampouco cho creía,  
casouse a filla, naceulle o neto  
e todo no mesmo día.

Iste lambón por aforrar  
malo raio o foda,  
calculou o parto da filla  
e dixo, “tal día a voda”.

E tenche boa puntería  
non chegou nin á tarta nupcial  
empezou a romper augas  
e alá van cara o hóstital.

Como tivo moito gasto  
non lle ha chegar o bandullo  
aí lle van as entretelas  
pra Don Angel o Jabullo.

♥♥♥

I esas mulleres solteiras  
con edad casamenteira  
que se arriman a unha beira  
porque non hai quen as queira  
e relamen o fuciño  
se se achega algún brutiño  
sea de laza ou Souteliño

pra pedirlle un bailiño  
i elas dicen anda coño  
iste debe ser pitoño  
e o home vai desconfiado  
porque se ve acorralado  
mais o estar chegando ó lado  
pega a volta o condenado  
pró café desenfrenado  
e ela queda como idiota  
aí ni medio da Picota  
fervendo coma unha pota  
coma quen que non lle importa  
e despois marcha á do Fonso  
ca excusa da Primitiva  
pra que algún mozo lle diga  
¡que buena estás raparigai  
e pode encher ben o peito  
e poñelo ben dereito  
tendo coidado por baixo  
que non revente o refaixo  
porque vai tan apretado  
millor dito atornillado  
que Dios mío se lle explota  
inundaría a Picota  
e ó ver que non lle fan caso  
volta pra casa rabieira  
e vai subindo a escaleira  
arrenejando contra o Demo  
¿pois non haberá ningún memo  
en toda a Vila que eu sepa  
que me queira andar na chepa?  
Entra na casa cabreada  
atravesando a lareira  
sin dar as horas siqueira  
e vai pra cama valeira  
pobriña, solteira e enteira  
entonces decime hermanos  
pra elas que cacho lle damos  
non seades malos , ise non,  
darémoslle o corazón.

♥♥♥

Alá vai o burro do Cheto  
aínda que o pobre era vello,  
non podo deixar sin nada  
ós pobos diste Concello.

Prós de Camba e prós de Toro  
e tamén prós de Cerdedelo,  
como alí fai moito frío  
entón aí lle vai o pelo.

Prós de Trez e prós das Eiras  
prós do Navallo e prós do Santo  
doulle unha ferradura  
pra que non patinen tanto.

Prós de Soutelo e os de Castro  
Tamicelas e Naveaus,  
aí teñen as costelas  
que repartan como irmaus.

Pra Vilameá e Retorta  
pra Matamá e Arcucelos  
doulle unha carne picada  
pra facer unhos chourellos.

Pra Alberguería e Carraxo  
e tamén prós do Pereiro  
o millor sonlle unhos ósos  
pra encher o pigureiro.

Prós Hippys de Carraxó  
como son vexetarianos,  
doulle entón os cagallós  
pra que non lle fagan daño.

E sólo me queda o rabo  
que do burro era o millor,  
pois vai prós de Correchouso  
xa volos leva o Castor.

♥♥♥

Rematan mil anos de Entroido  
e pasaron tan a cen,  
que dos primeiros novecentos  
xa non me acordo moi ben.

Pro hai algo que non esquezo  
dos meus avós aprendín,  
que en Laza son Piliqueiros  
e Cigarrones en Verín.

¿Entonces porqué carallo  
nos retratan nestas paredes,  
e dín que son Cigarrones  
en la Plaza das Mercedes?

Apuntai e non olvidedes  
que “catro cousas hai en Laza  
que non hai en toda a Terra  
Piliqueiros, maragatos,  
as formigas e a Morena”.

Recorreredes todo o mundo  
pobo a pobo sen deixar ún,  
e veredes moitos Entroidos  
pero coma éste ningún.

Quén me dera ir co Piliqueiro  
do Solado a Souteliño,  
co Paleante e co Cardito  
co Alfredito e co Cuquiño.

Alancar polos valados  
aínda que pese o equipaxe,  
non o sinto porque o Piliqueiro  
ten a forza dun Dios salvaxe.

Quen me dera pór a estrena  
co Ramón e o Pepe Coella,  
se eu poidera ir con iles  
xamais vería a cortella.

Pra coidar o Piliqueiro  
con cariño e con antoxo,  
con postura i elegancia  
pra eso o Mariano e o Moxo.

Ou sair de alá do Regueiro  
co Milo e co Juan do Chinca,  
vir pisando no bulleiro  
e chegar coa media limpia.

Alancar da Cerdeiriña  
xa sei que moitos o vistes,  
pro vir voando á Picota  
sólo facían os Chistes.

Mentras tanto da Canella  
o Ñuco e mais o Jandulo,  
saían cada ún por súa acera  
como fai un Piliqueiro chulo.

E viñan ó pique os irmaus  
correndo coma o demonio,  
e ó guardia que estaba de portas  
marchábanlle co tricornio.

Pro ningún se lle enfadaba  
e todos os do Cuartel,  
ó velo pasar se cuadraban  
cuál se fora o Coronel.

Non mais pisando a Picota  
tan sobrados de ilusiós,  
pegaban as voltas na acera  
e non os paraba nin Dios.  
ésto, ésto es ser Piliqueiros  
e o demais, imitacións.

A nós non hai quen nos pare  
que se entere o mundo enteiro,  
que os nenos xa nacen berrando  
¡Eu son Piliqueiro!

Laza, meu Laza querido  
fundámonos todos nun solo,  
xuntemos as nosas forzas  
alcemos a voz diste pobo.

Homes, mulleres e nenos  
fagamos tremer a praza,  
berremos todos a un tempo  
VIVA O ENTROIDO DE LAZAJII.

ESTE MAÑIZO DE SOÑOS E CARALLADAS DA VIDA  
DE LAZA VAÍ ADICADO A TODOS AQUELES QUE  
XA NON SE ATOPAN O NOSO CARÓN, E QUE FORON  
OS QUE CONSEGUIRON FACER DESTE ENTROIDO O  
MAIS GRANDE; OS QUE POUCO A POUCO E BAIXO O  
INFLUXO DA SINCERIDADE E DA SUA PROPIA SA-  
TISFACIÓ LLE FORON DANDO A ESTE POBO UNHA  
IDENTIDADE QUE NON DEBERÍAMOS PERDER.  
XENTE COMO "O SARREAVUS" "O ALFREDITO" "O CUÇO"  
"A BIVUCHA" "A CACHELA" E OUTROS MOITOS, TANTOS  
QUE NON SEÍA POSIBLE NOMENLOS PERO QUE TEÑEN  
O LUAR QUE LLE CORRESPONDE NA HISTORIA DESTE  
ANACO DE CEO.

SINTO UNHA ADIRACIÓ E UN RESPETO ESPECIAL POR  
TODA ESTA XENTE, E O MEITO TEMPO SINTO UN OR-  
GULLO POR VERTE HERDEIRO E PARTICIPE DESTA  
MARAVILLA ANTROPOLÓXICA DE PUREZA, DE CULTURA E  
TRADICIÓ DUN VALOR INCALCULABLE.

POR TUDO É A TODOS O MEU AGRADECIMENTO

DOPA.